

O GALEGO, LINGUA EN VÍAS DE NORMALIZACIÓN

Calcúlase que no mundo existen 5.000 linguas repartidas en 200 estados. O máis usual é a existencia de máis dunha lingua nun mesmo estado, polo que os seus habitantes gozan do privilexio do poliglottismo, aínda que a relación entre esas linguas sexa desigual.

Enténdese por **lingua minorizada** a propia dunha comunidade, que ve restrinxido o seu uso pola presión doutra lingua foránea coa que convive no seu territorio, e que adopta o papel de **lingua dominante** ou **hexemónica**. Como consecuencia desta situación, a lingua minorizada perde prestixio social e ve ameazada a súa supervivencia, a curto ou longo prazo.

A minorización dunha lingua non depende do seu número de falantes, senón do seu status social e político¹. Non se deben confundir os conceptos de lingua minorizada e lingua **minoritaria**, dado que este último implica simplemente un número reducido de falantes. Debido ao seu número de usuarios, o galego non é minoritario, senón que está no grupo das linguas “medianas”², polo que se trata dun idioma minorizado.

Os expertos en sociolingüística afirman que, nunha situación de minorización, dúas son as saídas posibles para o futuro da lingua minorizada: a súa **substitución** pola lingua dominante (uniformismo lingüístico) ou a súa **normalización**.

Podemos definir a **normalización lingüística** como o proceso tendente a converter unha lingua, que vive minorizada, no vehículo normal de comunicación da súa comunidade. É o obxectivo do **ecoloxismo lingüístico**, que defende manter a diversidade cultural do planeta facendo que cada lingua cumpra no seu territorio propio todas as funcións, reservando as linguas de proxección internacional como linguas francas (aceptadas para a intercomunicación entre persoas que non comparten linguas maternas).

Así, **a normalización é a saída a unha situación de diglosia e de conflito lingüístico**, e a manifestación do rexeitamento dunha comunidade a ser asimilada lingüisticamente por outra. O seu avance depende da acción de diferentes sectores sociais:

- 1) **A acción individual**, que depende da vontade de cada individuo: é un factor decisivo, pois sen a conciencia lingüística dos falantes e a necesaria transmisión xeracional na familia ningunha lingua pode sobrevivir.
- 2) **A acción colectiva non institucional**, levada a cabo por cidadáns que se agrupan e crean movementos e asociacións co fin de denunciar a situación dunha lingua e apoiar a súa normalización. Faise especialmente necesaria cando a acción institucional non existe ou non é eficaz.
- 3) **A acción institucional**, levada a cabo polo poder político dunha comunidade (previo deseño da política lingüística que quere desenvolver), que crea unha lexislación e unhas medidas encamiñadas a:
 - a) recuperar as funcións sociais da lingua propia da comunidade
 - b) a adquisición dunha competencia lingüística completa por parte dos cidadáns

Moi relacionada coa normalización está a **normativización**, proceso consistente na codificación da lingua (dicionarios e gramáticas), redacción de normas ortográficas e elaboración dunha variedade estándar que lle permita o uso nos ámbitos escritos e formais. Toda lingua que queira ser normalizada precisa tamén ser normativizada, e ambos os procesos son complementarios. Neste ámbito, contamos coas [Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego \(ILG e RAG, 1982\)](#), reformadas en 2003

¹ Un exemplo paradigmático disto é o caso do islandés, lingua que, a pesar de contar cun número relativamente baixo de falantes (arredor de 300.000), non presenta risco de desaparición e ten os seus usos sociais plenos, pois é a lingua do Estado islandés. No status das linguas poden darse casos paradoxais: o alemán, unha das linguas máis faladas de Europa e oficial en varios estados, é unha lingua minorizada en Francia, na súa variedade dialectal alsaciana; o grego, lingua oficial de Grecia, vive minorizado no sur de Italia; o castelán, lingua oficial en numerosos estados, está minorizado nos Estados Unidos.

² Son as linguas que teñen entre 1 e 9 millóns de falantes.

No caso do galego, despois da convivencia diglósica co castelán desde a fin da Idade Media, a sociedade actual está vivindo ao mesmo tempo as dúas saídas posibles nunha situación de minorización: a normalización avanza, mais non é quen de frear a substitución lingüística polo castelán, que se intensificou desde mediados do séc. XX.

Podemos situar o comezo do proceso de normalización no Rexurdimento (séc. XIX), co labor de Rosalía de Castro e outros escritores e intelectuais que reaccionan contra a marxinación do galego e se centran principalmente na súa recuperación literaria. No primeiro terzo do séc. XX continuará a normalización na función cultural e aparecerá xa claramente a acción colectiva, da man das Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos, o Grupo Nós... Cando xa era inminente a recuperación da función institucional, recollida no Estatuto de Autonomía de 1936, a Guerra Civil e a ditadura franquista deterán o proceso de normalización durante 40 anos.

Coa chegada da democracia e da autonomía, comezou a actuar un novo factor de normalización, a acción institucional. O Estatuto de Autonomía de Galicia (1981), define o galego como a “lingua propia” de Galicia e establece a súa cooficialidade co castelán, e a Lei de Normalización Lingüística (1983), que pretende potenciar o uso da lingua nos diferentes ámbitos sociais. No ano 2004, o Parlamento Galego aprobou por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega, coa finalidade de desenvolver a devandita lei. Mais a pesar desta lexislación, e da existencia dun organismo específico para este ámbito, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a que ten como finalidade a promoción da lingua galega na administración e na sociedade, despois de 40 anos de autonomía o proceso de normalización avanza lentamente e mesmo parece retroceder nos últimos tempos, como aconteceu no ensino co Decreto para o plurilingüismo (2010)³ ou coas minguantes taxas de transmisión lingüística na familia, segundo os datos do IGE).

Nestas catro décadas de democracia, as **accións normalizadoras** centráronse en catro aspectos: a mellora da competencia en galego do funcionariado, a través de cursos; a introdución do galego en ámbitos sociais dos que estivera marxinado (empresas, medios de comunicación, asociacións... mediante a concesión de axudas económicas); a creación e mantemento da CRTVG; e a mellora da competencia e a extensión do uso do galego nas novas xeracións (para o que se centraron os esforzos no sistema educativo non universitario).

As principais **eivas** da política lingüística son tres: a falta de formación en planificación lingüística do persoal responsable de levala a cabo; o incumprimento das leis e normas aprobadas polo propio goberno; e un inadecuado seguimento e avaliación dos resultados dos investimentos. Neste último aspecto, o caso máis claro son as subvencións á normalización do galego na prensa. En contraste, os **éxitos** principais están na incorporación do galego a ámbitos prestixiados de onde estivera ausente durante séculos, como os medios de comunicación, o ensino, a administración pública ou a política; é dicir, o paso do ámbito privado e familiar ao ámbito público; mais segue fóra dos medios de comunicación privados, da industria, da cultura de masas, da xustiza ou da Igrexa.

A ausencia dunha acción institucional clara e coherente fai necesaria a **acción normalizadora non institucional, levada a cabo por colectivos**: a Mesa pola Normalización Lingüística, a Nova Escola Galega, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Asociación de Funcionarios pola Normalización, Fundación Galicia Empresa, o Foro Enrique Peinador, Queremos Galego, etc.

Porén, para o porvir da lingua podemos considerar como decisiva e imprescindíbel a acción normalizadora individual, de aí que os **neofalantes** xoguen un papel moi importante de cara ao futuro da lingua. Nun mundo que tende á globalización e nunha sociedade onde a substitución lingüística está avanzando, debería ser responsabilidade de todas e todos nós que o galego chegue ás xeracións futuras e viva *mil primaveras máis*, como desexou Cunqueiro.

³ Este decreto é o primeiro documento legal da Democracia que fai retroceder a presenza da lingua galega nas aulas, reducindo o 50% de uso do galego como lingua vehicular que figuraba como obxectivo anterior.